



Fundación Lois Peña Novo

Redondela, 6 de xuño de 2017

Estimado amigo:

Prácame poñerme en contacto con Vde. para comunicarlle o fallo do xurado da XXIII edición dos PREMIOS LOIS PEÑA NOVO, que serán entregados no Castelo de Soutomaior o día **29 de xuño (xoves) ás 19:30 do serán**, nun acto público no que terán presenza diversos sectores da sociedade galega.

O xurado composto por D. XOSÉ MANUEL CID FERNÁNDEZ, doutor en pedagogía e profesor na Facultade de Ciencias da Educación da UdeVigo; D<sup>a</sup>. CONSUELO CASTRO REY, avogada do Estado-Xefe en Galicia; D. XURXO MARTÍNEZ GONZÁLEZ, investigador e técnico de normalización lingüística no concello de Redondela; D<sup>a</sup>. FLORA MIRANDA PENA, médica de familia e política; D. XOSÉ MANUEL GARCÍA CREGO, xubilado da industria editorial e eu mesma como secretaria da Fundación Lois Peña Novo acordaron concederlle un dos premios Peña Novo deste ano tal e como se recolle na acta que se transcribe:

*A ASOCIACIÓN CULTURAL E PEDAGÓXICA PONTE NAS ONDAS que vén desenvolvendo, desde hai máis de 20 anos, un labor de transmisión e posta en valor do patrimonio inmaterial común entre Galicia e Portugal no que a lingua é o soporte da experiencia da asociación que se desenvolve tanto no ámbito cultural como educativo e social a través da radio, internet e/ou a dinamización da cultura popular. O labor de Ponte nas Ondas achégase a sectores sociais diversos destacándose o labor de transmisión do patrimonio realizado a partir da experiencia das comunidades de portadores que achegaron o seu coñecemento para levalo, non só as aulas, senón poñéndoo en valor coa presentación da Candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués diante da UNESCO. Recentemente este organismo acreditou a Ponte nas Ondas como ONG consultora en temas de patrimonio inmaterial, coa colaboración de prestixiosos antropólogos, filólogos e outros investigadores do social. Considera o xurado que o traballo de implicación de diversos sectores pero sobre todo da mocidade utilizando a lingua e defendendo un xeito de ser e unha cultura propia, é merecente dun recoñecemento social.*

Aproveito esta oportunidade para expresarlle, en nome propio e de todos os membros da Fundación Lois Peña Novo, a miña máis cordial noraboa polo premio recibido froito dun intenso traballo na defensa da identidade e do patrimonio cultural de Galicia.



Asdo. Carme Pérez Vaquero

**SR. D. SANTIAGO VELOSO - Presidente da Asociación PONTE NAS ONDAS**